FARO DE VIGO
MIÉRCOLES, 18 DE MAYO DE 2011

O pioneiro da lingüística galega, Aníbal Otero Álvarez, tivo unha bfeve pero intensa relación coa Terra de Montes, un vincallo lembrado máis que nada polas súas achegas ao estudo do verbo, a lingua dos arghinas, pero que conta con outros episodios esquecidos. Estivo en Cerdedo para cubrir o cuestionario do Atlas Lingüístico da Península Ibérica. Tras ser detido e acusado de espía pola policía portuguesa ignorante do significado das transcricións fonéticas dos seus cadernos, reencontrouse nos penais con xentes de Terra de Montes. Deles recolleu palabras tan esquecidas hoxe como "a memoria dos vencidos" cerdedenses por parte dos actuais mandatarios municipais.

Aníbal Otero e a Terra de Montes: lingüística e represión

O pioneiro lingüista, importante para o estudo da lingua dos arghinas, reencontrárase no cárcere de San Simón con xentes da Terra de Montes

DIONISIO PEREIRA ■ Cerdedo

Como é sabido, no presente ano celebrase o centenario do nacemento, alá polas terras lucenses do Concello de Ribeira de Piquín, de Anibal Otero Álvarez (Barcia, 1911-1974), pioneiro da linguística galega ao tempo que unha magoada vítima máis do funesto golpe de estado do 18 de xullo de 1936. Non é moi coñecida a breve pero intensa relación de Anibal coa Terra de Montes, un vincallo lembrado máis que nada polas súas achegas ao estudo do verbo, a lingua dos arghinas, pero que conta con outros episodios esquecidos dos que pretendemos dar conta eiquí e agora.

Tal e como o recolle Xesús Alonso Montero na súa recente obra *Aníbal Otero. Linguística e política en España na Guerra Civil e no franquismo* (Edicións Xerais, 2011), a devandita relación comeza, que nós saibamos, coa presenza daquel peripatético e concienciudo linguísta no Concello de Cerdedo no outono de 1935, coa teima de cubrir o cuestionario do *Atlas Linguístico da Península Ibéric*a impulsado polo Centro de Estudios Históricos, dependente do Ministerio de Instrucción Pública da IIª República. Naquela altura, Otero xa levaba máis de un ano percorrendo Galicia de norte a sur, enchendo en cada localidade das 53 que elixiu dous cadernos de feitura oficial, un de fonética e outro de vocabulario.

> En 1935 recollera en Cerdedo fonética e vocabulario para un atlas lingüístico

> No cárcere recolleu 414 entradas do verbo dos canteiros de Presqueiras

Daquela, no 23 de outubro do ano en cuestión, o investigador achegouse á case que illada parroquia de San Pedro de Parada para entrevistar a un dos seus 125 habitantes, o señor Severino Vidal Beiro, de 63 anos, labrego e antigo emigrante en Brasil, Cuba e no Concello leonés de Cabrillanes, onde traballara canda outros conveciños cerdedenses nas minas de carbón da conca do Laciana. E naquela exhaustiva enquisa, que hoxe está custodiada con agarimo polo filólogo Antón Santamarina no Instituto da Lingua Galega, o Sr. Severino agasallou a Otero non só cunha chea de verbas e frases propias da contorna, tal que a expresión "corren os surros" empregada noutrora cando chovía a cachón e as augas pluviais limpaban os camiños inzados de estrume, senón que engadiu informacións de relevancia etnográfica tal que as lambetadas propias da zona, caso da vincha, as filloas de sangue e as torradas de manteiga molladas en viño.

Nove meses despois, virá o trebón. Nese intre, Anibal Otero, que remataba os derradeiros cuestionarios do Norte de Portugal, foi detido en Valença do Minho, acusado de espía pola policía portuguesa ignorante do significado das transcricións fonéticas recollidas nos seus cadernos e devolto ás novas autoridades españolas pola Ponte Internacional de Tui. Condenado a cadea de por vida nun Consello de Guerra, Otero comezará o seu calvario por distintos penais: Tui, Vigo, Illa de San Simón, Burgos e, ao cabo, a Prisión Central de Figueirido, de onde sairá mediado o ano 1941.

Precisamente na Colonia Penitenciaria do antigo Lazareto de San Simón, na que ingresará o 27 de setembro de 1937, terá Anibal Otero o seu reencontro con xentes da Terra de Montes. Alí, como apunta Antón Santamarina , no transcurso do mes de outubro Otero aproveitou o tempo estancado dos penados para encher un sinxelo caderno escolar cun vocabulario do verbo dos canteiros de Presqueiras composto por 414 entradas, acompañadas por dous textos redactados en arghina. Naquel improvisado soporte, Aníbal non deixou constancia de quen fora o seu informante, mais agora sabemos polas listaxes de presos naquel illó fornecidas polo investigador Gonzalo Amoedo, que o único veciño de Presqueiras alí encanfurnado non foi outro que o canteiro Alfredo Iglesias Álvarez, senlleiro cadro do PSOE pontevedrés e antigo tenente de Alcalde do Concello de Forcarei, natural de Alfonsín, lugar de Santa Mariña de Presqueiras. Alfredo, que fora condenado a reclusión perpetua tras testemuño de cargo do párroco da Magdalena e zafara da morte mercé ao apoio doutro crego, o lembrado abade da súa parroquia e canteiro vocacional Manuel Fraíz Garrido (alcumado "O Morrón", debido ao seu devezo polo arghina), estivo naquel presidio dende marzo ata mediados de outubro de 1937, polo que con toda seguridade coincidiu un tempiño con Aníbal Otero; o xusto para servirlle de guieiro nos segredos do latín dos canteiros. Despois, Alfredo continuou o seu adoecido roteiro penitenciario: o Cuartel de San Cristóbal, perto de Pamplona; o sinistro Penal do Dueso, en Santoña; un batallón de traballadores en Villablino e de novo Santoña, de onde sairá en liberdade vixiada en agosto de 1943 á idade de 60 anos, sen traballo e case na miseria. Non merecería tan sequera un recordo e unha homenaxe pola vindeira Corporación municipal de Forcarei?. Facemos votos por que así sexa.



Foto de carné de Alfredo Iglesias, de Presqueiras, nos anos 20.

Aínda habería un terceiro e último acto do itinerante vencello de Aníbal coa Terra de Montes: en marzo de 1941, perante a súa estancia no Cuartel de Figueirido transmutado en penal, recolleu en tres cadernos un Vocabulario gallego comparado, froito das súas enquisas entre compañeiros de prisión orixinarios de 43 localidades galegas, entre elas Cerdedo. Da quincena de veciños deste Concello que daquela aínda penaban en distintas cadeas, descoñecemos cal deles informou a Aníbal Otero de expresións tal que "alto coma un laral", ou adxectivos coma reberte para definir rapaces travesos e fedellos. Son palabras que hoxe están case que tan esquecidas pola veciñanza, coma a "memoria dos vencidos" cerdedenses por parte dos actuais mandatarios municipais; recuperalas, ten un significado compartido: enfeitar a nosa lingua ao tempo que dedicarlles un librepensamento aos que arelaron liberdade e riqueza compartida para as súas vidas e, só por iso, foron represaliados de maneira inxusta e despiadada.

**Dionisio Pereira é historiador e membro da Asociación Verbo Xido.*

